

10 SET  
2022

# VI COPA DIPUTACIÓN DE OURENSE DE ORIENTACIÓN

10 de Setembro de 2022  
Vilanova dos Infantes  
Celanova, Ourense

## ORGANIZAN:

O club Peña Trevinca Barco xunto co A.D. Limiactiva, en colaboración co Concello de Celanova, a Deputación de Ourense e o xornal "La Región", organizan a VI Copa Deputación de Ourense de Orientación, e celebrárase o vindeiro sábado 10 de setembro de 2022, a partir das 17:30h.

## INSCRICIÓNS:

As inscricións faranse cubrindo o formulario no evento na web [fegado.es](http://fegado.es)

**Data límite:** mércores 7 de setembro ás 18 h. (límite de inscricións: 150 participantes).

**O xornal "La Región" regalará unha camiseta a todos os asistentes.**

## TARXETA SPORTIDENT:

Tódolos percorridos utilizarán tarxeta SportIdent. **A organización asignará unha pinza a aqueles que non dispoñan de pinza SportIdent.** Dita pinza deberá ser recollida na secretaría antes do inicio da carreira e devolta á organización xusto no momento de chegar á meta. Pola perda da mesma cobraranse 20€.

## COTAS:

**DE BALDE!!!.**


**XENTILEZA DA DIPUTACIÓN, OS CLUBES ORGANIZADORES E DO PERIÓDICO LA REGIÓN**

## ZONA DE COMPETICIÓN E CONCENTRACIÓN:

A proba disputárase na poboación de Vilanova dos Infantes, no Concello de Celanova e a concentración na Praza Maior (42.165555, -7.955526).

## COMO CHEGAR:

Dende Ourense toma A-52 dirección Madrid ata á saída 217 para incorporarte a AG-31 en dirección A Merca/Celanova. Toma a saída 10 hacia A Barxa/OU-540 e toma OU-540 dirección Estrada Celanova-Vilanova/OU-0251 en Vilanova Dos Infantes, xira a dereita hacia Estrada Celanova-Vilanova. Tempo estimado: 25 minutos



## PROGRAMA:

16:30h. Apertura da secretaría e entrega de tarxetas Sportident para a carreira.

17:30h. Saída dos primeiros participantes.

20:00h. Peche de meta e entrega de premios.

**A Copa Deputación é unha actividade patrocinada polo goberno provincial para apoiar aos deportes que teñen pouca competición.**

## TERREO E MAPA:

Típico casco vello labiríntico cunha boa rede de rúas con pequenas prazas, innumerabeis recunchos e poucos detalles de vexetación. Mapa homologado a escala 1:2500 (1 cm no papel equivale a 25 m no terreo) con equidistancia de 5m, realizado por Martín Morales Ferreiro en febreiro de 2019.

## CATEGORÍAS:

Masculina e femenina:

- PREBENXAMÍN (2014-2015-2016)
- BENXAMÍN (2012-2013)
- ALEVÍN (2010-2011)
- INFANTIL (2008-2009)
- CADETE (2006-2007)
- SÉNIOR (ATA O 2005 sen límite de idade)
- VETERÁNS 45 (Nados no 1977 e anteriores)

## PERCORRIDOS:

- PREBENXAMÍN/BENXAMÍN/ALEVÍN. 0,8 km, 10 controis, 20m de desnivel. Os participantes na categoría Prebenxamín poden facer a carreira acompañados dun maior, pero a súa clasificación será despois do último que lo fixera só.
- INFANTIL/CADETE. 1 km, 11 controis e 30 m de desnivel.
- SÉNIOR. 2 km, 19 controis e 50 m de desnivel.
- VETERÁNS. 1,9 km, 18 controis e 50 m de desnivel.

**ATENCIÓN:** Haberá moitos controis próximos, polo que é moi importante comprobar o código (número) de baliza.

## PARTICIPANTES

Poderán participar todas as persoas que o desexen, estén ou non federadas no deporte de orientación. Para poder optar ós premios finais da Copa Deputación, os orientadores terán que cumprir a lo menos dúas das seguintes condicións:

- Ser cidadán español (Acreditar con NIF).
- Ser ourensán de nacemento (Acreditar co NIF ou partida de nacemento).

10 SET  
2022

# VI COPA DIPUTACIÓN DE OURENSE DE ORIENTACIÓN

10 de Setembro de 2022  
Vilanova dos Infantes  
Celanova, Ourense

- Con domicilio legal nun concello da provincia de Ourense (Acreditar con certificado de empadramento)
  - Ser socio de algún clube de orientación da provincia de Ourense.
- Os orientadores que non cumpran dous de estas condicións, entrarán na clasificación da proba ou probas nas que participen, pero non na clasificación final da Copa Deputación.

## TIPO DE CARREIRA:

Carreira Sprint urbana. Modalidade de orientación en liña con saída individual contrarreloxo, na que o participante terá que pasar por todos os controis, seguindo obrigatoriamente a orde numérica marcada no mapa. Todos os percorridos serán lineais e no orde indicado no mapa.

Os percorridos serán sinxelos, **eso sí, todas as balizas serán obrigatorias do percorrido.**

## NORMAS:

### PREVENCIÓN DE RISCOS, INSTRUCCIÓN DE SEGURIDADE E RECOMENDACIÓN:

- A proba celebrárase nunha zona peonil sen tráfico de vehículos a motor, pero ocasionalmente pode aparecer algun ciclista ou paseante. Lémbrese a todos os participantes que están obrigados a cumprir as normas de circulación vial. Os trazados dos percorridos están pensados para evitar zonas perigosas para os participantes.
- Pregase estremar as precaucións ao dobrar esquinas, aminorando a velocidade para evitar choques.
- Estremar o coidado cos pequenos cortados que se poden atopar nalgúns zonas do terreo.
- **Pode haber zonas do pavimento húmidas. En caso de choiva, disminuir a velocidade para evitar caídas.**
- Os corredores participan na proba baixo a súa propia responsabilidade, asumindo os riscos inherentes das carreiras de orientación a pé.
- Algúns percorridos veranse obrigados nalgún momento a circular ou cruzar algunhas rúas, cuxo nivel de circulación é moi baixo ou nulo (**recordando a todos os participantes que teñen a obriga de coñecer e respectar as normas de circulación**).
- **En todo momento, hai que respectar as propiedades públicas e privadas.**

- Únicamente se permite o uso do compás analóxico como elemento de apoio, xunto co mapa que se entregue na saída. Non está permitido o uso de calquer outro dispositivo electrónico que axude na orientación.
- **É obrigatorio pasar pola meta, aínda que se produza o abandono, para que lle conste ao persoal da organización.**
- Non está permitido seguir a outros/as participantes. Non está permitido falar con outros/as participantes.
- Calquer aspecto non recollido nas normas anteriores, regularase a través dos correspondentes regulamentos da modalidade O-Pé da FEGADO, FEDO e IOF.
- **Todo participante ao efectuar a inscrición da carreira, enténdese que autoriza o uso de imaxes da mesma para poder ser publicadas en calquera medio de comunicación.**

## APARCAMENTO

A zona destinada para o PARKING será na travesía da estrada OU-0251, a 100m da Praza Maior



## HORAS DE SAÍDA:

As horas de saída serán publicadas o venres 9 de setembro no evento da páxina web fegado.es

## FILOSOFÍA DE PROBA

A progresión será individual e en silencio, respectando as distancias de seguridade antes, durante e despois da proba.

10 SET  
2022

# VI COPA DIPUTACIÓN DE OURENSE DE ORIENTACIÓN

10 de Setembro de 2022  
Vilanova dos Infantes  
Celanova, Ourense

## ZONA DE COMPETICIÓN

